

## **SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA DE 31 DE MAIO DE 2018**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:20 minutos do día 31 de maio de 2018 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas, D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández, D<sup>a</sup> Magdalena Ron Villar, D<sup>a</sup> Juana Romero García e D<sup>a</sup> Luisa Meilán Lombao, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta da sesión celebrada o día 26 de abril de 2018.

Non xurdindo debate, sométese a votación a aprobación da acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

### **2. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO**

O Alcalde expón sucintamente o contido da proposta, xa que este proxecto de modificación puntual das NNSS xa foi aprobado provisionalmente fai uns meses. Non obstante, a Xunta de Galicia considera convinte realizar algúns cambios documentales, o que conleva novamente a súa aprobación provisional.

A arquitecta municipal explica que os cambios suxeridos pola Xunta de Galicia consisten na modificación da ordenación de certos documentos, a mellora na definición das fotografías e a notificación ao concello de Cospeito do trámite de información pública.

O Alcalde propón voltar a aprobar provisionalmente o proxecto.

A voceira de FLI afirma que esta proposta evidencia a mala xestión do Concello, a falla de transparencia e a falla de adecuación a Lei, xa que a Lei 2/2016 do solo de Galicia, prevé unha serie de principios na ordenación urbanística que aquí se vulneran. Asemade, esta lei establece a obriga de que os concellos de máis de 5000 habitantes dispoñan de Plan Xeral de Ordenación Municipal, o que non parece que queira cumprir o sr. Alcalde. Pola contra, o Alcalde leva dende o ano 2012 a voltas cos núcleos rurais de Robra sen que sexa capaz de delimitalos en troques de aprobar un PXOM que responda aos problemas de todos os veciños, tal e coma esixe a Lei.

O vicevoceiro do BNG, anuncia que manterán a mesma postura que os anos precedentes, e que consiste en oporse ás modificacións puntuais como a proposta xa que pode supoñer un agravio comparativo entre as diferentes parroquias, xa que hai varias parroquias que dispoñen de núcleos que non se atopan delimitados.

Esta proposta é unha mostra máis da política urbanística de parches que desenrolla o actual equipo de goberno. Expón que o seu grupo non se oporía a que se clasificase como núcleo rural a meirande parte da superficie do concello, sempre que fose dun xeito racional e xustifico, pero non parece que este sexa o propósito do Alcalde.

Recorda que na sesión organizativa propúxose se que crease unha comisión informativa de asuntos urbanísticos, ao que se negou o Alcalde.

Pola contra, o concello leva dende o ano 2011 intentando sacar adiante a delimitación dos núcleos de Robra, sen intentar sacar adiante un novo Plan, que sería máis xusto xa que beneficiaría a todo o concello e non soamente aos veciños de unha parroquia.

A voceira do PSdG-PSOE, recorda que as normas subsidiarias datan do ano 1992, e que xa debería redactarse un Plan Xeral, tal e como establece a propia Lei do Solo e o propio Presidente da Xunta, que fai pouco afirmou que non debería haber “ningún concello sen Plan Xeral a fin de acadar un desenvolvemento urbano sostenible e para facilitar a posta en valor e protección da paisaxe”.

Polo tanto, parece claro que si é necesario un Plan Xeral que substitúa as actuais normas subsidiarias que están desfasadas e non traen máis que problemas, como atestigua a presente proposta.

O Alcalde recorda as numerosas veces que se debatiu este asunto neste pleno, e insiste que Outeiro de Rei xa ten unha ordenación urbanística xeral dende o ano 1992 que son as normas subsidiarias de planeamento. Que poucos concellos teñen tanto suelo de núcleo rural coma Outeiro de Rei e que de formularse un novo Plan Xeral, cos criterios legais actuais reduciríase moitísimo o suelo edificable, e isto atentaría contra dos intereses dos veciños e polo tanto, este equipo de goberno non o formulará.

Informa que todas as parroquias teñen núcleos rurais delimitados, e que si algún veciño presenta unha proposta urbanística razoable, o Concello a tramitará.

Desmiente que exista falta de transparencia ou inadecuación á legalidade, xa que neste concello cúmplase a legalidade estrictamente e afirma que a ordenación urbanística do concello de Outeiro de Rei é de calidade e non está obsoleta, do que é proba que éste é o concello que máis medra do entorno.

Recorda que esta proposta de ordenación xa foi debatida, e que o que se trae a este pleno é unha modificación puramente documental, polo que solicita que se cinxan á proposta.

A voceira do PSdG-PSOE pregúntalle ao sr. Alcalde porqué, se non lle gusta a ordenación urbanística de Lugo, porqué o cita tantas veces. E se fai referencia a que o concello de Lugo tardou 14 anos en tramitar o PXOM, porqué non inicia xa os trámites de formulación do PXOM de Outeiro de Rei, a fin de non perder máis tempo?.

O vicevoceiro do BNG recorda que o PXOM de Lugo está aprobado polo PSOE e máis polo PP.

A continuación, da lectura a certos parágrafos da memoria da proposta de modificación no que se fai referencia ao carácter disperso das previsións normativas que dificultan a súa aplicación ou a que as NNSS carecen de certas determinacións urbanísticas necesarias.

Asemade, cita á conselleira do ramo, Beatriz Mato, nas que se distingue entre Plans Xerais e NNSS, que son menos completas e para municipios sen problemas urbanísticos.

Tamén informa que, segundo afirmou o Presidente da Xunta, o sr. Núñez Feijoo nunhas xornadas organizadas pola APLU o pasado fin de semana, dende o ano 2009 triplicouse o número de concellos que contaban cun plan xeral adaptado, pasando de 33 a 99.

Engade que o modelo urbanístico que defende o BNG non é o de Triaqua ou A Palloza, senón o de Allariz (premio europeo 1994), ou Pontevedra (premio da ONU 2014), e estas cidades contan con plans xerais.

A voceira de FLI solicítalle ao Alcalde que chame as cousas polo seu nome, e que este concello non dispón de Plan Xeral, senón de Normas Subsidiarias, tal e como recorda o propio título da proposta que somete a votación.

E a obriga que establece a Lei do Solo non é a de aprobar NNSS, senón PXOM, polo tanto, non está a cumprir a lei, xa que non lle interesa porque un PXOM non lle permitiría satisfacer os seus intereses partidistas e particulares.

O Alcalde alégrase que tanto o BNG coma o PSOE ou o FLI citen a Feijoo para defender as súas propostas.

Non obstante, é a este equipo de goberno a quen lle corresponde gobernar o concello, e así o está facendo cumprindo a legalidade.

Insiste en que todo o concello está urbanísticamente planificado por unha norma, e que ésta tense que adaptar aos cambios sociais e as novas necesidades, por este motivo se tramitan modificacións coma a presente.

O PP aprobou o PXOM de Lugo estando na oposición nun exercicio de responsabilidade, xa que a situación urbanística creada polo PSOE trala formulación do plan non deixou outro remedio.

Sorpréndese de que, tras corenta minutos de debate, todavía ningún grupo intervise sobre a proposta que se somete a votación, o que da conta de que, en vez de abordar os asuntos que se someten ao pleno para resolver os problemas dos veciños, se dedican a facer política con eles.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación provisional da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do concello de Outeiro de Rei que ten por obxecto a Delimitación de los núcleos de Francos, Penelas, A Barciela, A Corredoira y Leiros Largos. Modificación de las ordenanzas SNU/N ,SNU/IPV y disposiciones de carácter general, derogación de la ordenanza SU/NRT y establecimiento del régimen de aplicación a las edificaciones fuera de ordenación

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, catro votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e FLI, e unha abstención, pertencente á concelleira do PsdG-PSOE.

### **3. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2018**

O Alcalde asume a defensa da seguinte proposta de resolución:

*Formado o Orzamento Xeral do concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio económico 2018 así como, as súas Bases de Execución e o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.*

*Visto o informe da Interventora municipal.*

*Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Presupuestaria e da Regra de gasto.*

*Visto o anterior, propón ó pleno a adopción do seguinte acordo, previo Ditamen da Comisión Especial de Contas:*

*PRIMEIRO: Aprobar o límite de gasto no financeiro regulado no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, para o exercicio 2018 do orzamento do concello de Outeiro de Rei, na contía de 3.783.026,30 €.*

*SEGUNDO: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Outeiro de Rei, para o exercicio económico 2018, xunto coas súas Bases de Execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:*

**ESTADO DE GASTOS**

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
	<b>A.- OPERACIONES CORRIENTES</b>		
1		1.126.319,20	17,941
2	GASTOS DE PERSONAL	1.935.382,22	30,828
3	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS GASTOS FINANCIEROS	18.000,00	0,287
<b>TOTAL OPERACIONES CORRIENTES</b> 52,807		<b>3.315.283,97</b>	
	<b>B.- OPERACIONES DE CAPITAL</b>		
6	INVERSIONES REALES TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.962.791,41	47,193
7		0,00	0,000
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,000
<b>TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL</b> 47,193		<b>2.962.791,41</b>	
<b>TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS</b>		<b>6.278.075,38</b>	

**ESTADO DE INGRESOS**

1	IMPUESTOS DIRECTOS	1.172.000,00	18,668
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	90.000,00	1,434
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS TRANSFERENCIA	2.478.858,54	39,484
<b>TOTAL OPERACIONES CORRIENTES</b> 85,226		<b>5.350.535,63</b>	

	<b>B.- OPERACIONES DE CAPITAL</b>		
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	200.000,00	3,204
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	727.539,75	11,656
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,000
<b>TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL</b>		<b>927.539,75</b>	
<b>14,774</b>			
<b>TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS</b>		<b>6.278.075,38</b>	

*TERCEIRO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e cargos electos con dedicación exclusiva.*

*CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral, que ascende a 345.971,35 euros.*

*QUINTO. Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o 2018, as Bases de Execución e Anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.*

*SEXTO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.*

*SÉTIMO. Remitir copia á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia.*

O Alcalde resume a proposta calificando o orzamento como un orzamento equilibrado, e do que destaca unha inversión do 50% incluíndo a urbanización de A Palloza, a fin de permitir continuar cos trámites para a súa finalización. Sen incluír a urbanización de A Palloza, a inversión acadaría máis do 30%.

A isto debe engadirse unha débeda cero e unha moi aceptable calidade dos servizos.

A voceira do PSdG-PSOE, advirte que, coma en tódolos anos pasados, o orzamento non cumpre coa Lei de Facendas Locais, xa que non se aprobaron antes do 1 de xaneiro. E non será por falta de planificación das inversións, xa que en febreiro xa se coñecía o Plan Único.

O vicevoceiro do BNG recorda que o artigo 168.4 do TRLHL, establece que os orzamentos estable a obriga de remitir o proxecto de orzamento ao pleno da corporación antes do 15 de outubro do ano anterior.

E non vale a disculpa de que non se coñecen os ingresos, xa que na propia memoria asinada polo Alcalde afírmase que o orzamento se confecciona en base aos

ingresos e gastos liquidados do exercicio anterior, coas debidas actualizacións, como se fai en tódolos concellos.

Tampouco vale a disculpa socorrida do Alcalde de que hai pouco personal ou que éste está saturado de traballo, xa que o Alcalde é o xefe de personal e é a súa responsabilidade a correcta organización do traballo.

Tamén afirma a Lei que o Alcalde someterá antes do 1 de xuño a conta xeral á comisión especial de contas, e afirma tamén o ROF que a comisión especial de contas.

Polo tanto, non é certo o que se afirma na memoria de que o orzamento foi informado pola comisión especial de contas, xa que o luns houbo unha comisión de asuntos do pleno, pero non comisión especial de contas.

Tamén denuncia que a liquidación dos orzamentos de 2017 se remitiron, en parte, onte pola tarde, polo que non se aportou a información nos prazos legais esixidos. Liquidación que, por certo, afirma que incumple a regra de gasto.

Destaca que o informe de Intervención advirte que os orzamentos non cumpren coa regra de gasto, se ben plantéxase que sexa un erro.

A interventora afirma que é un erro, xa que o proxecto de orzamento si que cumpre a regra de gasto.

Engade o vicevoceiro do BNG que a liquidación do orzamento de 2017 incumple a regra de gasto, e que, polo tanto, habería que formular un plan económico-financieiro, tal e como advertiu neste pleno anteriormente.

No que atinxe ás inversións, sinala que máis da metade das inversións previstas acapara o proxecto eterno de A Palloza, e das inversións restantes (un 23% do orzamento), máis do 50% son financiadas con fondos afectados, polo que a contía dos investimentos con fondos propios realmente é baixísima.

Pregúntalle que vai a facer cun remanente de tesourería de un millón de euros, remanente que evidencia unha incapacidade para a xestión do orzamento municipal.

Na vertente de ingresos, destaca que a meirande parte (70%) proveñen de taxas de impostos municipais pagados polos veciños, e non se molestan en acadar fontes de financiamento alleos, coma do Estado ou da UE.

Por último, vota de menos que se consulte aos grupos da oposición para a formulación de propostas que poidan mellorar os orzamentos.

A voceira de FLI recorda que no pasado pleno presentou unha moción para que se trouxeran os orzamentos antes do mes de xuño, o PP votou en contra e agora traen os orzamentos antes do mes de xuño. Isto é un perfecto exemplo de incoherencia.

Por outra banda, os orzamentos incumplen frontalmente os prazos establecidos pola lei, incumplindo a legalidade reiteradamente.

Recórdalle que os orzamentos son unha estimación económica, polo tanto non é necesario para a súa aprobación o coñecemento exhaustivo de todos os ingresos que vai a ter ao longo do ano, motivo polo cal non é unha excusa válida para saltarse a lei a permanente alegación de que non coñece tódalas subvencións que vai recibir o concello.

No que atinxe ás previsión orzamentarias, lamenta que as inversións reais sexan escasas, a pesares de que se traten de maquillar un ano máis co proxecto de A Palloza. Tamén advirte unha partida de 40.000 euros en propaganda, o que lle parece excesivo, ou 10.000 en contencioso-administrativos, o que pon de manifesto o que costa aos veciños a súa mala xestión.

O Alcalde resposta que a principios de ano non se coñecía ningunha das achegas a percibir polo concello, polo que non é posible facer previsións de ningún tipo. De feito, o Plan Único aprobouse antonte e de milagro, e non era previsible que se fose aprobar na situación política actual que existe na Deputación.

O Alcalde afirma que o proxecto foi informado pola comisión competente, que é a comisión de asuntos do pleno.

Resposta ao BNG que minte abertamente nas porcentaxes de investimento, xa que si quitamos o investimento de A Palloza, haberá que restalo tanto de ingresos como de gastos, polo que a porcentaxe de investimento sobre o orzamento final sería do 30% (47% coa Palloza).

Os 40.000 euros de publicidade correspóndese cos gastos que realiza o Concello de información aos veciños da actividades municipais así comas os gastos de promoción dos recursos municipais, gastos nos que debe incurrir todo concello. Sólo faltaría que o concello no poida transmitir e informar de aquilo que fai e tañe que contarlle como lle pareza a oposición.

Os gastos dos contenciosos son ineludibles xa que ten que defenderse cando o demandan, e até o momento lle foi bastante ben, o que ratifica o bo facer municipal.

O 30% de investimento real, sin ningún tipo de endebedamento e con superhábit, e un investimento alto, e isto nun contexto de crecemento sostido, de boa calidade de servicios e aposta polos servicios sociais, destacando que os servicios sociais acaparan preto de 400.000 euros.

E todo isto cunha rebaixa de impostos feita no ano pasado e coa adhesión ao programa Concellos doing bussines, que implicou unha nova baixada de impostos, pese ao cal logramos cadrar o orzamento.

O vicevoceiro do BNG insiste en que incumplen os prazos, o que pon de manifesto a falla de capacidade de xestión dos recursos humanos do concello. Por outra banda, este retraso implica perder tempo para executar o orzamento, o poder licitar e afrontar as obras con tranquilidade.



Volta a afirmar que non se reuniu a comisión especial de contas pese a afirmalo na memoria.

O Secretario intervén para informar que a comisión competente é a comisión informativa de asuntos do pleno, xa que neste concello a comisión especial de contas soamente ten que informa a conta xeral.

O voceiro do BNG conclúe que, en calquer caso, trátase de un erro.

Por outra banda, pregúntalle porqué non cumple a regra de gasto. E pregúntase se serán polo escaso grao de execución orzamentaria dos exercicios anteriores. Na liquidación figura que soamente se executou un 65% do orzamento.

Polo demáis, os orzamentos conteñen previsións coas que non poden estar de acordo, como que se adique soamente un 3% ao fomento do emprego mentres se adica un 2,5% o órganos de goberno. Ou que se manteña o tipo impositivo do IBI cando o BNG solicitou que se baixe ao 0,4%.

Por estos motivos non poden apoiar os orzamentos.

A voceira de FLI recorda que están ahí para defender os intereses dos veciños para que poidan disfrutar duns servicios de calidade. Por iso non comparte a visión do Alcalde de que os orzamentos permiten manter uns servicios de calidade cando moitas partes do concello, ou carecen dos servicios básicos, ou estes servicios son de unha calidade pésima. E pon o exemplo das urbanizacións de Guillar e o servicio de abastecemento de auga potable, xa que o auga non se pode beber e existen veciños con problemas de pel pola mala calidade da auga.

Se existe un superhábit tan elevado, debería adicarse a satisfacer estas necesidades básicas.

Denuncia que na comisión informativa os concelleiros non dispuñan da liquidación do exercicio 2017, documentación que non se aportou até o martes, o que incumple abertamente a lei.

Conclúe que o Alcalde non soamente incumple a legalidade, senón que incluso pon trabas á oposición para que non faga o seu traballo.

A voceira do PSdG-PSOE afirma que non se poden aprobar os orzamentos cando non se trasladou a documentación correspondente até onte.

O Alcalde afirma que os concelleiros da oposición non están a decir a verdade, xa que a documentación do orzamento se facilitou íntegramente antes da comisión informativa. O que se remitiu con posterioridade foi a liquidación do orzamento, liquidación da que únicamente se da conta ao pleno, motivo polo cal non é necesario sometela á ditame da comisión.

Dí estar estar plenamente satisfeito, xa que a oposición non criticou para nada os orzamentos, senón que se limitaron a falar de legalidade e de prazos, e sobre estes asuntos actuamos segundo nos informan os técnicos.

Recorda que o ano pasado empregáronse 600.000 euros do remanente de tesourería, que se executaron na súa integridade.

E conclúe afirmando que traballan para todos os veciños, voten ou non, e que o seguirán a facer e, até o día de hoxe, os veciños nos deron a confianza masivamente, polo que non a xestión non será tan mala.

Polo tanto, propón aprobar o presente proxecto de orzamento, xa que é un orzamento inversor e que permite seguir a medrar e contar cuns bos servizos, e todo iso sen deber nin un euro e acadando superhábit. Cumpre, polo tanto, os seus cometidos, que é dar resposta aos problemas da xente e crear e dar servizos, e a mellor proba e que os concelleiros da oposición non criticaron ningún aspecto concreto do orzamento.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da acta.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e cinco votos en contra.

#### **4. RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE**

Ponse de manifesto os srs. Concelleiros, a solicitude de compatibilidade cursada polo funcionario José María Vázquez Pita, secretario do concello, con data de 14 de maio de 2018, para a administración da sociedade Gabma Legal, S.L.

O Alcalde propón outorgar a compatibilidade, xa que o funcionario cumpre satisfactoria e puntualmente a súas funcións, polo que non influirá no seu rendemento.

O voceiro do BNG pregunta si se acadou algún informe sobor a posibilidade de outorgar a compatibilidade.

O Alcalde afirma que non se acadou ningún informe escrito, pero que sí que recibiu informes verbalmente que afirman que sí que se pode outorgar.

O voceiro do BNG, expresa que, atendendo a que se trata de actividades puntuais vencelladas a unha universidade pública, non ven inconvincente ao outorgamento da compatibilidade.

Non xurdindo máis debate, sométese a votación a autorización da compatibilidade solicitada, condicionando a súa eficacia ao cumprimento dos requisitos legais esixidos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con doce votos a favor, e unha abstención pertencente á concelleira do PSdG-PSOE.

## **5. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2017**

Dase conta aos srs. Concelleiros da liquidación do orzamento do exercicio 2018, tralo cal os concelleiros danse por enterados.

E non habendo máis asuntos, levántase a sesión, sendo as quince horas da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde